



P.A.L.

2021/22

**C.P.I. Domingo Fontán.
Portas**

ÍNDICE

1. [PLAN ANUAL DE LECTURA \(P.A.L.\)](#)
 - 1.1. [Presentación](#)
 - 1.2. [Xustificación e obxectivos](#)
 - 1.3. [Organización do Espazo](#)
 - 1.4. [Organización do Tempo](#)
2. [LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS PARA ESTE CURSO](#)
 - 2.1. [Organización](#)
 - 2.2. [Xestión dos Fondos](#)
3. [FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL \(COMPETENCIAS PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, APRENDER A APRENDER E COMPETENCIA DIXITAL\)](#)
4. [COORDINACIÓN DE PROXECTOS E ASESORAMENTO](#)
5. [FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR](#)
6. [ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE](#)
 - 6.1. [Conmemoracións](#)
 - 6.2. [Celebracións](#)
7. [COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS OU ENTIDADES](#)
8. [AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA](#)
9. [PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES](#)
 - 9.1. [Presentación](#)
 - 9.2. [Actividades Planificadas \(poderán sufrir variacións e incorporacións\)](#)
10. [DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS](#)
11. [CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS](#)

1. PLAN ANUAL DE LECTURA (P.A.L.)

1.1. Presentación

Este plan anual de lectura pretende concretar os anhelos xerais do Proxecto Lector de Centro (resumidos en “*saber ler*”, “*querer ler*”, “*poder ler*”).

Partimos de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa a través do cal poder desenvolver as súas potencialidades cognitivas, afectivas, emocionais, sociais e creativas. Para isto é fundamental o acceso a unha biblioteca cómoda e atractiva, a formación de usuarios (ALFIN e AMI) e a continua organización de actividades de animación á lectura e á escritura. Todo isto fai da biblioteca un piar fundamental á hora de poder contribuír á adquisición das competencias clave do noso alumnado.

Nestes últimos anos imos observando certas deficiencias e dificultades neste campo tales como:

- A mala calidade da comprensión lectora.
- A deficiente expresión escrita.
- A falta de motivación cara á lectura.
- A dificultade no desenvolvemento á hora de conseguir datos, realizar traballos, a procesar correctamente a abraiante cantidade de información dispoñible, citar as fontes sempre e de xeito correcto...
- A falta de espírito crítico á hora de seleccionar fontes fiables e discernir entre informacións non contrastadas correctamente.
- A falta de soltura no manexo real das TICs e, moi especialmente, de seguridade na rede.

1.2. Xustificación e obxectivos

O principal obxectivo será a formación de lectores e escritores competentes e eficaces, así como lograr que os alumnos fagan un uso autónomo e proveitoso dos recursos dispoñibles. Para isto incidiremos nos seguintes aspectos:

- Favorecer a adquisición do hábito lector e mellorar a capacidade de lectura e escritura do alumnado.
- Colaborar na adquisición das competencias clave.
- Educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información e medios (ALFIN/AMI).
- Aprender e poñer en práctica estratexias de comprensión lectora, con todo tipo de textos e en todas as áreas de aprendizaxe.
- Potenciar o achegamento dos alumnos ás tecnoloxías da comunicación e información, sempre con seguridade.
- Fomentar a convivencia e o traballo colaborativo, así como a aprendizaxe autónoma.
- Impulsar varios proxectos, especialmente o PLAMBE, o Plan Proxecta e os Programas Europeos.
- Implicar á maior parte do profesorado, favorecendo o traballo interdisciplinario

- Fomentar o gusto pola lectura como alternativa de ocio.
- Dar a coñecer os fondos da biblioteca para fomentar o seu goce e adquirir novos fondos segundo gran variedade de intereses.

1.3. Organización do Espazo

Dispoñemos dunha biblioteca escolar en razoable bo estado despois de anos de esforzo invertidos na súa remodelación por parte do profesorado encargado.

A biblioteca non presenta barreiras arquitectónicas nin materiais de xeito que as persoas con discapacidade poderán facer uso dela nas mesmas condicións que o resto da comunidade educativa. Xa dende hai algúns anos estamos a diferenciar “ambientes lectores”: hai un espazo para os lectores de infantil e primeiro ciclo de primaria (adaptado ás súas características), un espazo de traballo en grupo, un rincón para lectura informal e outro para acceso dos alumnos aos ordenadores.

No curso 2020/21:

- Modernizaremos a zona de ordenadores, que ficou xa obsoleta e é moi pouco práctica.
- Remataremos o cambio da ubicación e distribución dos textos de non-ficción que estaban pouco accesibles no corredor da biblioteca para colocalos na zona central. Isto obrigou a reorganizar a situación de todos os fondos.
- Crearemos un “recuncho de Europa” cos fondos relativos ao noso grupo de traballo de proxectos europeos (e-Twinning e Erasmus+).
- Colocaremos novos e máis modernos carteis para sinalar os andeis máis claramente.
- Melloraremos o recuncho de lectura informal, os expositores e o andel das publicacións periódicas.

1.4. Organización do Tempo

A biblioteca está a disposición da comunidade educativa durante todo o período lectivo, coa salvedade que debe estar un profesor presente, polo que dadas as escasas horas que podemos dispor os membros do equipo, gran parte do tempo deberán ser os profesores/titores quen deban facerse cargo.

En EP, por regra xeral, os empréstitos/devolucións realizábanse nos recreos, porén este curso, por non misturar aulas “burbulla” serán os profesores e os axudantes voluntarios os encargados deste labor. Na ESO estableceremos quendas de uso por niveis, a lo menos ata que as normas antiCovid poidan suavizarse.

Ademais, a biblioteca estará aberta a empréstitos e á realización de traballos escolares/busca de información nos recreos de comedor de E.S.O., por parte de profesores de Secundaria que se fan cargo da mesma.

Tamén fora do período lectivo a biblioteca estará á disposición da Escola de Xadrez de Portas, do Plan Madruga e da Escola de Familias.

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS NESTE CURSO

2.1. Organización

2.1.1. Espazo

- Acabaremos de etiquetar os derradeiros andeis para identificalos segundo a CDU.
- Melloraremos o andel das publicacións periódicas.
- Eliminaremos mobles para facilitar o tránsito e facer máis agradable e versátil o recinto.

2.1.2. Instalacións e mobiliario

- Cambiaremos os fondos audiovisuais a dous novos mobles máis apropiados.
- Re-pintaremos os dous radiadores que faltan.
- Faremos unha escolma e remodelación das cadeiras, para baleirar o espazo e reemprazar ás deterioradas.
- Remodelaremos a vella estantería de Inglés para facela máis actual.

2.1.3. Sinalizacións e carteis

- Colocaremos novos carteis deseñados especialmente para aclarar os novos protocolos.
- Crearemos carteis personalizados para a sinalización do espazo onde voltar a colocar os libros unha vez ollados.

2.2. Xestión dos Fondos

Os nosos obxectivos para este curso son:

- Seguir ofrecendo os servizos bibliotecarios básicos, cos cambios necesarios polos protocolos.
- Continuar coa catalogación dos fondos existentes (que non foron “volcados” correctamente ao pasar da aplicación Biblos ao Meiga). O obxectivo para este curso é o de rematar de fichar e etiquetar os fondos das materias específicas. Só quedan: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais e algún de Cultura Clásica.
- Catalogar, fichar e etiquetar as novas adquisicións.
- Facer inventario dos fondos dispersos do colexio e comezar a catalogar as bibliotecas de aula espalladas para xestionar os fondos de xeito centralizado.
- Seguir a aumentar a porcentaxe de fondos de non ficción da biblioteca.
- Revisar e actualizar os fondos, realizando un novo expurgo dos fondos en mal estado e/ou obsoletos.
- Renovar os carnés antigos e creación de novos pero só de xeito virtual para eliminar papel e cumprir os protocolos.

- Realizar novas adquisicións en distintos soportes e formatos, tratando de establecer criterios consensuados para a adquisición e actualización dos mesmos tendendo ao equilibrio e aos intereses dos distintos departamentos e ciclos, así como dos propios alumnos e exalumnos.
- Nomear axudantes de biblioteca entre os alumnos para colaborar en ordenar os fondos e a controlar aos demais alumnos a que cumpran as normas (ver apartado Bibliotecas Escolares Solidarias).
- Maquetar os manuais correspondentes ás novas actividades/aplicacións.
- Reorganizar o acceso aos ordenadores así como os contidos dispoñibles nos mesmos.
- Facer unha escolma para a adquisición de novos fondos para a Sección Bilingüe de Debuxo e preparar a nova que vaise intentar implementar en Bioloxía.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIAS PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, APRENDER A APRENDER E COMPETENCIA DIXITAL)

A formación de usuarios é un aspecto fundamental do traballo da nosa Biblioteca, así como a Alfabetización Informacional, que seguiremos a desenvolver e a tratar de mellorar. Pretendemos aumentar as habilidades de busca de información, á vez que intentaremos que os alumnos saiban cando e por que se necesita esa información, así como onde atopala e como analizada e empregala axeitadamente.

O obxectivo final é que os alumnos fagan un uso autónomo e proveitoso dos recursos dispoñibles. Para acadar dito obxectivo, os alumnos deben familiarizarse coa Biblioteca, coa súa organización e funcionamento, e para iso elaboramos diversas actividades específicas. Isto será especialmente necesario este curso no que hai unha redistribución total dos fondos da biblioteca, polo que deberá intensificarse a formación de usuarios de principio de curso en todas as etapas, tanto dos alumnos coma dos profesores, e adaptalos á nova realidade.

Ademais, son obxectivos concretos para este curso:

- Atender á necesidade do alumnado de contar con recursos para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información, e elaboración de produtos escritos e/ou en soporte electrónico) para o que ampliaremos o tempo de atención a períodos non lectivos, poremos á súa disposición unha impresora (baixo supervisión) e priorizaremos o uso dos ordenadores para a realización de traballos.
- Afacer ao alumnado ás visitas periódicas á biblioteca para a escolla de libros de lectura e crear actividades para que aprendan a buscar e ordenar os recursos dispoñibles (este curso farase en quendas separadas).
- Levar a cabo visitas introdutorias e explicativas das normas da biblioteca, da distribución dos fondos e da CDU, con actividades para comprobar a asimilación do explicado e continuando a maquetación de manuais.

- Continuar coa edición de Boletíns Bimensuais coas novas, consellos ALFIN e AMI e pautas para a realización de traballos. Tamén incluírá o programa de actividades e de exposicións da Biblioteca así coma propostas de lecturas por áreas e/ou datas sinaladas. Estes boletíns serán virtuais para colaborar coa redución do uso do papel.
- Diseñar e crear de exposicións relacionadas co tema xeral do proxecto PLAMBE e outros aspectos de interese, este curso xa, en principio, algunhas de xeito presencial.
- Maquetar e publicitar pola Biblioteca as Guías de Lecturas obrigatorias determinadas polos distintos departamentos, así como unha Guía de Biblioteca Inclusiva e outra de Igualdade.
- Crear “Pasaportes de Lectura” para os rapaces máis novos de Primaria.
- Diseñar e crear marcapáxinas con distintas temáticas.
- Promover a formación do profesorado e o asesorar nos seus proxectos e traballos segundo as súas funcións, necesidades e inquietudes. Para isto integramos dous novos grupos de traballo sobre a biblioteca no PFPP que xa temos en marcha no centro, coordinado polo CFR.

4. COORDINACIÓN DE PROXECTOS E ASESORAMENTO

A Biblioteca Escolar durante este curso 2021/22:

- Elaborará un novo Plan Anual de Lectura para todo o centro e colaborará na modernización do Proxecto Lector.
- Promoverá, coordinará e/ou apoiará proxectos de carácter interdisciplinario.
- Coordinará as actividades planificadas dende a biblioteca e organizar as publicacións previstas.
- Relacionarase cos outros equipos e departamentos do centro, colaborando en todos os proxectos que vexamos de interese dende o noso campo. Neste sentido promoveremos a colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega (participaremos na revista, calendario, Días das Artes e das Letras Galegas...) e co de Actividades Extraescolares (especialmente nas celebracións de Samaín, Nadal e de Entroido).
- Coordinará e desenvolverá o Proxecto do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares.
- Coordinará e desenvolverá o Proxecto do Plan Proxecta: Correspondentes Xuvenís 3.0. Dirección Xeral de Xuventude.
- Coordinará e desenvolverá o Proxecto eTwinning: “EuroMission” sobre patrimonio cultural europeo.
- Continuará co proxecto interdisciplinario e o blog sobre Domingo Fontán: “Tras os pasos de Domingo Fontán”.
- Participará nas celebracións colectivas do centro.
- Afianzará o Programa “Radio na Biblio”.
- Formará parte do proxecto “Bibliotecas Escolares Solidarias”.
- Coordinará dúas liñas no PFPP do centro: “Radio: obradoiros” e “Proxectos Interdisciplinarios na Biblio”.

- Colaborará cos Departamentos de Inglés e de Debuxo da ESO na Sección Bilingüe.
- Coordinará os proxectos relacionados co programa Erasmus+ (especialmente no asesoramento sobre selección e adquisición de fondos específicos).
- Participará e axudará a organizar as actividades para a celebración do 50º aniversario do CPI.
- Colaborará nas actividades da Escola de Xadrez de Portas.

5. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

O Proxecto Lector levarase a cabo tal e como está programado para o próximo curso dentro da programación Xeral Anual e terá como obxectivo final fomentar no alumnado o hábito e o gusto pola lectura. Ata o momento o Proxecto Lector está a funcionar bastante satisfactoriamente en todas as etapas, porén, quedou un pouco obsoleto e, como dixemos, constituiremos un grupo de traballo para actualizalo e melloralo.

En canto ás actividades de fomento da lectura, realizaremos tanto actividades sistemáticas como por trimestre e outras puntuais. Entre elas destacamos:

- Continuaremos coa actividade chamada “A Hora de Ler” para fomentar o hábito e o gusto pola lectura entre o noso alumnado. Esta actividade consiste nunha sesión dedicada á lectura simultánea de todo o colexio que vai rotando cada semana para non afectar sempre ás mesmas materias. Nalgúns casos concretos estas horas de ler se agruparán para dar lugar a un proxecto máis amplo. Este próximo curso empregaremos esta hora nalgúns dos casos para elaborar unha emisión en directo da radio escolar.
- Un día á semana procederase a traballar cos periódicos nas aulas, dentro do plan “A Prensa na Escola” da Voz de Galicia, no que participará toda a ESO (alternando semanalmente o primeiro e o segundo ciclo).
- Este curso retomaremos o apadriñamento lector, pero aínda non os contacontos familiares, por mor da pandemia.
- Manteremos os encontros con escritores e expertos en distintas materias, xa sexa de xeito presencial ou a distancia.
- A Biblioteca realizará distintos obradoiros e exposicións nas conmemoracións máis relevantes (efemérides, premios literarios, aniversarios e cabos de ano de escritores salientables...) así coma o Día Internacional da Poesía, do Libro, das Letras e das Artes Galegas e os Días internacionais das distintas linguas...
- Colaborará nas celebracións habituais ao longo do curso, para as que elaborará proxectos relacionados coa temática xeral elixida (Europa): Samaín, Semana da Ciencia en Galego, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da Muller, Día das Artes Galegas...
- Seguiremos a aumentar os proxectos e a formación en TICs: traballaremos na creación de libros dixitais, as presentacións multimedia, o uso do TwinSpace, a creación de recursos educativos con

Genially, a gravación e edición de son, o aproveitamento das ferramentas Google e as redes sociais, (sempre facendo fincapé na seguridade na rede).

6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Un curso máis, a Biblioteca será un pilar fundamental na vida escolar do centro, deste xeito coordinará numerosos proxectos e ofrecerá os seus recursos e asesoramento noutros moitos:

- Aumentará o uso da biblioteca como espazo de documentación e consulta, tanto a través de actividades específicas tanto coma do uso por parte do profesorado.
- Promoverá a formación do profesorado e o asesorará nos seus proxectos e traballos segundo as súas funcións, necesidades e inquietudes.
- Dinamizará e promocionará os recursos da biblioteca, e difundirá as actuacións e proxectos levados a cabo a través dos distintos medios de comunicación (blogs, páxina web, boletíns, exposicións -en principio virtuais-, revista escolar, Twitter, Instagram...)
- Intentará implicar ás familias facéndoas conscientes do seu papel na construción dos lectores coa participación en diversas actividades, en principio de xeito virtual ou na casa.

6.1. Conmemoracións

- Días internacionais das distintas linguas.
- Día de Europa.
- Día da Poesía.
- Día da Ilustración.
- Día de Domingo Fontán.
- Efemérides Literarias (aniversarios do nacemento/morte de autores importantes así como o ano da publicación de obras relevantes...).

6.2. Celebracións

- Samaín: Decoración do centro e da biblioteca; obradoiro de maquillaxe/mascarillas de terror; recomendacións de Samaín; marcapáxinas...
- Semana da Ciencia en Galego. Celebracións e exposicións relacionadas cos fondos STEAM e con Domingo Fontán.
- Día Mundial dos Dereitos do Neno.
- Día Mundial das Persoas con Discapacidade.

- Nadal. Decoración do centro e da biblioteca; creación dun photocall para usar por quendas; concurso literario...
- Día da Paz.
- Entroido. Participación nas celebracións colectivas; decoración...
- Día da Muller.
- Día do Libro. Semana dedicada á lectura cun proxecto que abarcará todas as áreas e grupos; podcast na radio; gravación de booktubers e booktrailers...
- Día das Letras Galegas. Obradoiros lingüísticos e artísticos en colaboración co EDLG.

7. COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS OU ENTIDADES

- Asistencia dalgún/s membro/s do equipo nas xornadas de bibliotecas escolares e/ou nos encontros de centros participantes no PLAMBE, para poñernos en relación con outros equipos de traballo.
- Participación nos cursos e plans de formación relacionados coas bibliotecas escolares.
- Relación a través do Meiga con outras bibliotecas escolares.
- Contactos con editoriais para organizar encontros con escritores.
- Relación coa Asociación Domingo Fontán para manter o achegamento a esta figura clave na zona.
- Colaboracións con outros departamentos do centro en todas as actividades que resulten de interese.
- Relación con outros centros a nivel europeo a través do Programa Erasmus+ e da plataforma e-Twinning e School Education Gateway.
- Continuación dos obradoiros da Cruz Vermella para aproveitar a formación que ofrecen en varios campos.
- Mantemento da colaboración co Concello de Portas para organizar diversos obradoiros sobre saúde e igualdade, e decoración de murais.
- Continuidade na relación co CFR de Pontevedra nos grupos de traballo e co CFR de Coruña para realizar labores de docencia en varios cursos doutros centros.
- Visitas de boas prácticas a centros educativos de toda Europa.
- Continuidade coa relación virtual coa nosa escola amiga de Kiev: Horenychi Secondary School.
- Aumento da relación coa Banda de Música de Lantaño.

8. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

A nosa Biblioteca non presenta barreiras materiais nin arquitectónicas, de xeito que as persoas con discapacidade poden facer uso dela nas mesmas condicións que o resto da comunidade educativa. Ademais, dende a Biblioteca tratamos de atender ás necesidades educativas especiais, colaborar na superación de problemas de aprendizaxe e adaptarse aos alumnos que presentan altas capacidades.

Para isto fixemos cambios ata lograr unha Biblioteca accesible e facilmente transitable para garantir o acceso igualitario a todos os seus recursos.

Nestes dous últimos cursos, grazas aos orzamentos extraordinarios de Biblioteca Inclusiva tanto para E. P. Coma para a ESO, puidemos avanzar moito neste campo:

- Mercamos equipamento específico e mobles que procederemos a montar.
- Mercamos tablets e démonos de alta na aplicación Genially para continuar a deseñar actividades dixitais adaptadas aos rapaces que precisan reforzo (P.T.).
- Variamos os nosos fondos coa adquisición de xogos manipulativos e pedagóxicos, que poñeremos á disposición dos interesados e da A.L.
- Aumentamos os nosos fondos textuais con gran cantidade de obras e de temáticas. Que este curso procederemos a fichar, etiquetar e promocionar.
- Publicaremos unha nova guía de lecturas da Biblioteca Inclusiva, actualizada.
- Crearemos actividades específicas para traballar sobre a inclusión e a igualdade.
- Deseñaremos carteis en escritura *Braille* para sinalar os distintos espazos da nosa Biblioteca.

9. PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

9.1. Presentación

Este curso participaremos por noveno curso no PLAMBE, para o que nos concederon un orzamento de 1.550 euros para fondos. O tema proposto para desenvolver a través da Biblioteca Escolar no curso 2021/22 é “Abrindo Portas a Europa”, no que nos achegaremos á dimensión europea dende múltiples puntos de vista: Arte, Historia, Política, Natureza, Literatura...

Os motivos para elixilo foron varios, especialmente debido ao seu carácter interdisciplinario e transversal e á flexibilidade que permite a súa aplicación tanto en Infantil/Primaria coma en Secundaria. Por todo isto recibiu o beneplácito do Claustro de Profesores e do Consello Escolar.

Tamén pensamos que servirá de impulso cara a posibles proxectos europeos, obxectivo que temos en mente para estes próximos anos.

9.2. Actividades Planificadas (poderán sufrir variacións e incorporacións)

- Obradoiro de caligrafía e iluminación de códices medievais.
- Exposición fotográfica “O CPI arredor do mundo”.
- Proxectos interdisciplinares: Divina Comedia de Dante, Europa xogo a xogo, patrimonio local (cultural e natural), o CPI ao longo da Historia...
- Obradoiro de ilustración de cómics e de graffitti.
- Charla sobre Domingo Fontán.
- Nomeamento dun equipo de voluntarios de biblioteca.

- Concursos de escritura sobre distintos temas.
- Aumento dos fondos da biblio sobre Europa, en formato bilingüe/trilingüe e mellora na súa clasificación.

A memoria final será entregada no período requerido aos organismos competentes.

10. DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS

- Deseño e maquetación de boletíns bimensuais con recomendacións de lectura, consellos ALFIN, programación de actividades,...
- Continuación do blog da biblioteca, da radio, dos correspondentes xuvenís e das contas de Twitter e de Instagram. Continuación do blog específico de proxectos europeos.
- Continuación cos bloques dedicados á Biblioteca dentro da páxina web do centro, cunha mellora da clasificación e dos “botóns”.
- Elaboración dos artigos relacionados coa Biblioteca que serán integrados na revista escolar.
- Información ás familias a través da web, dos blogs e do Espazo Abalar.
- Posta en contacto coa prensa local.
- TwinSpaces dos proxectos internacionais.
- Exposicións de recomendacións de lectura, de novidades, actividades propostas, concursos vencellados á biblioteca,...

11.CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS

Os criterios e instrumentos de avaliación estarán en relación directa coas liñas prioritarias previstas para este curso. A avaliación será continua, o que nos permitirá introducir as modificacións que nos parezan oportunas.

Actuaremos nos seguintes aspectos:

- Realizaremos diversas enquisas (coñecemento de cómics, uso de TIC, necesidades dos departamentos, emprego das instalacións da biblioteca, reorganización dos espazos do centro...) e procederemos a avaliar os resultados. Este curso algunhas seguirán a ser virtuais, empregando Google Forms e/ou o Espazo Abalar.
- Teremos en conta os comentarios nos blogues e na páxina web.
- Atenderemos ás suxestións que nos fagan chegar ao buzón instalado para ese fin e/ou a través das TICs.

- Realizaremos cuestionarios de diversa índole para coñecer a opinión da comunidade educativa sobre a súa relación coa biblioteca e os aspectos que resultan máis satisfactorios e aqueles nos que precisamos mellorar. O resultado destas enquisas permitiranos coñecer o grao de satisfacción dos usuarios e poderemos establecer así mecanismos correctores se fora preciso para acadar os obxectivos propostos. Nun centro tan pequeno coma o noso, moitas veces as suxestións directas son as máis sinxelas de advertir.
- Valoraremos a participación do profesorado nos seminarios creados dentro do PFPP así coma os resultados das súas enquisas.

Por outra banda, en canto á organización dos fondos, empregaremos o Programa Meiga para comparar os rexistros efectuados e a súa distribución por áreas e niveis, podendo así obxectivar o tipo de fondos con que contamos e cales son os aspectos que deben ser reforzados.

No referente á dinamización lectora contaremos con diversos indicadores:

- Número de préstamos realizados.
- Número de consultas a través da OPAC .
- Horas semanais ocupadas en actividades promovidas pola biblioteca.
- Horas semanais ocupadas polo profesorado en actividades de busca e tratamento da información.
- Entradas nos blogs e consultas realizadas neles e/ou na páxina web do centro.

Portas, 15 de Outubro de 2021.

Asdo. Sara Rosales Sueiro, coordinadora da Biblioteca.